



Area / Unidade APOYO ADMINISTRATIVO IG1100 MAMF	Documento 23719I00Q6	
Código de verificación  0H2R 6H6J 6N4B 173O 0AQB	Expediente 237/2025/3	
	Fecha 23-05-2025	

Bases reguladoras da convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións destinadas a actividades de interese social en materia de igualdade e diversidade do Concello da Coruña para o exercicio 2025

I. OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA

Base 1.- Obxecto

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (R.D. 887/2006), e da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos (BOP nº 157 do 16.08.2024), convócanse as subvencións para actividades de interese social en materia de igualdade e diversidade do Concello da Coruña para o exercicio 2025.

Base 2.- Finalidade

2.1. A finalidade das subvencións é apoiar economicamente ás entidades que desempeñan o seu traballo na cidade na promoción da igualdade de xénero e inclusión social atendendo ás diversidades existentes e a prevención das violencias machistas, a realizar durante o ano 2025, por entidades de iniciativa social ou agrupacións de persoas, nas condicións que se establecen na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos organismos públicos.

2.2. Establécense dúas liñas subvencionables dentro da presente convocatoria:

Liña 1: Fortalecemento do movemento asociativo no ámbito da acción polos dereitos das mulleres e a non discriminación de colectivos minorizados por cuestión de orixe; diversidade cultural ou étnica; diversidade de capacidades; diversidade de expresións de xénero, identidades ou orientacións sexuais, etc. O obxecto desta liña é o de apoiar economicamente os gastos de funcionamento precisos para contribuír á dinamización asociativa e o fortalecemento colectivo do movemento asociativo activo pola igualdade e a diversidade no Concello da Coruña.

Liña 2: Actividades de prevención das violencias machistas en sentido amplo e atención ás vítimas, accións pola defensa do recoñecemento e os dereitos das persoas LGTBQI e accións de promoción da igualdade de xénero.

Esta Liña divídese nos seguintes programas:

Liña 2.1 Fomento da igualdade de xénero e da erradicación de violencias machistas en sentido amplo cara ás mulleres e menores



Concello da Coruña

A estes efectos, enténdese por fomento da igualdade de xénero aqueles proxectos e actuacións que contribúan de forma efectiva a eliminar calquera situación existente de desigualdade por razón de xénero, contribuíndo á igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Liña 2.2 Promoción activa e defensa dos dereitos LGTBQI (lesbianas, gais, transexuais, bisexuais, queer e intersexuais), repulsa de comportamentos baseados no odio ao non-heteronormativo e interseccionalidade con outras diversidades.

2.3. Poderase solicitar subvención para unha ou varias liñas e/ou programas subvencionables, que deberán ser obxecto de solicitudes independentes. No caso de presentar solicitude para máis dunha liña, programa ou actividade, a entidade solicitante deberá presentar con cada solicitude todos os anexos e documentos relacionados nas bases para cada unha delas, de forma independente.

Non poderán optar á liña 1 aquelas entidades que perciban unha axuda directa por parte do Concello da Coruña, no mesmo exercicio ao cal corresponde esta convocatoria, que teña como finalidade a financiación dos gastos para o mantemento da entidade incluídos na base 7.2.

Base 3.- Réxime xurídico

3.1. A presente convocatoria rexeráse integramente polas presentes bases, pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, aprobada polo Pleno do Excmo. Concello en sesión de data 06 de xuño de 2024, BOP núm. 157, de 16 de agosto de 2024; pola lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as demais normas que lle resulten de aplicación e axustándose, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Co fin de promover, no ámbito local, a igualdade na diversidade e a eliminación de toda forma de discriminación e desigualdade que incida sobre as mulleres e sobre as persoas en xeral por motivo das diversidades existentes, resulta de aplicación a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade e a Ordenanza Municipal do Concello da Coruña para a Igualdade na Diversidade (BOP num. 204 de 25.10.2019).

Así mesmo, co obxecto de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno, resúltalle de aplicación a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Instrución de Transparencia do Concello da Coruña, de data 09/03/2016.

Na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido nas bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2025, a partir do momento da súa aprobación.

3.2. As bases estarán a disposición das entidades interesadas na sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, e na Base Nacional de Datos de Subvencións: <http://www.infosubvencions.es>, na páxina web da Concellería de Benestar Social, Participación e Igualdade: <https://www.coruna.gal/igualdadee/>. Publicarase un extracto das mesmas na páxina web do Boletín Oficial da Provincia da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopoportal/>.

II. CRÉDITO ORZAMENTARIO



Base 4.- Crédito orzamentario

4.1. O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 51.2311.489.00 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio económico.

4.2. Este crédito orzamentario é o límite do importe das axudas que se poden conceder.

4.3. Este crédito orzamentario distribuirase con arreglo aos seguintes importes:

- Liña 1, Fortalecemento e empoderamento do movemento asociativo: 60.000 €
- Liña 2, Actividades de prevención das violencias machistas en sentido amplo e atención ás vítimas; accións pola defensa do recoñecemento e os dereitos das persoas LGTBQI; accións de promoción da igualdade de xénero: 90.000 €

4.3. De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento Xeral de Subvencións (RD 887/2006, de 21 de xullo), no caso de que este crédito fora incrementado como consecuencia dunha modificación orzamentaria derivada de non consumir o crédito de convocatorias anteriores dos mesmos créditos, ou por incrementarse o seu crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

Base 5.- Límite máximo da subvención para cada actividade ou proxecto

5.1. O importe máximo que poderase conceder para cada proxecto é de oito mil euros (8.000,00 €).

5.2. O importe máximo do orzamento susceptible de ser subvencionado será o 90% do total do mesmo. En consecuencia, o coeficiente de financiación propio será como mínimo do 10%.

5.3. O coeficiente de cofinanciación propio poderá estar constituído tanto pola achega propia da entidade solicitante como daquelas outras achegas procedentes doutras persoas e/ou entidades públicas ou privadas. As achegas deben ter sempre carácter dinerario, non admitíndose achegas en especie.

Base 6. Compatibilidade

6.1. Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o coste da actividade ou proxecto xustificado pola persoa beneficiaria.

No caso de solicitar ou recibir unha subvención u outra axuda posteriormente á presentación da solicitude inicial, a entidade debe comunicar esta situación ao Servizo que tramita esta convocatoria.

III. GASTOS SUBVENCIONABLES

Base 7.- Gastos subvencionables

7.1. Gastos subvencionables: Criterios xerais:

7.1.1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades ou proxectos subvencionados e se leven a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.



7.1.2 En todo caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondíante xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade ou proxecto de que se trate.

7.1.3. Considerarase gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que figura na Base 18.1.2 desta convocatoria.

7.1.4. En ningún caso o coste de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

7.2. Gastos subvencionables: Liña 1, Fortalecemento e empoderamento do movemento asociativo. Terán a consideración de subvencionables os gastos indirectos en bens e servicios non inventariables que respondan, entre outros, aos seguintes conceptos:

- Gastos de subministracións (luz, gas, teléfono, etc.), servicios externos (limpeza, seguridade, correos e mensaxería), primas de seguros e outros de natureza similar.
- Gastos de actividades asociativas de carácter xeral que non teñan posibilidade de imputación a unha actividade concreta (desprazamentos, inscricións a xornadas o encontros asociativos, feministas, de estudos de xénero, de migracións, multiculturalidade, igualdade etc.)
- Gastos de administración xeral e material funxible de oficina, material informático non inventariable e análogos, derivados da organización e desenvolvemento da actividade asociativa xeral da asociación (materiais divulgativos, presentacións, folletos etc.) e que non poidan ser imputados a unha actividade concreta.
- Gastos de persoal administrativo contratado pola asociación (retribucións salariais, incluídas as pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social ao cargo da entidade beneficiaria)
- Gastos de comunicación, reparacións informáticas, mantemento de liñas, equipos informáticos e das aplicacións web e/ou presenza dixital (web, hosting, blogs etc.), así como gastos ocasionados por obras de conservación e mantemento e pequenas reparacións que non teñan carácter de inventariables por non implicar incremento do valor patrimonial da sede social.
- Gastos de asesoramento fiscal, laboral e contable

7.3. Gastos subvencionables: Liña 2, Actividades de prevención das violencias machistas en sentido amplo e atención ás vítimas; accións pola defensa do recoñecemento e os dereitos das persoas LGTBQI; accións de promoción da igualdade de xénero.

- Gastos en bens e servicios non inventariables directamente relacionados coa actividade subvencionada. Cando estes gastos se correspondan con costes de persoal u outros de carácter estrutural da entidade, deberán xustificarse dentro da actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida na que tales costes se correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.
- O gasto máximo subvencionable por aloxamento e manutención de persoas invitadas para a execución dalgunha das actividades ou proxectos será como máximo de 100 €/persoa/día (IVA incluído).
- Poderase imputar á conta xustificativa gastos indirectos en bens e servicios non inventariables ata un 13% do orzamento da actividade ou proxecto presentado coa solicitude ou do gasto realizado, si este fora menor. Os costes indirectos non requirirán de xustificación adicional. Non obstante, esta posibilidade de imputar á conta xustificativa gastos xerais da entidade, non poderá utilizarse nos casos nos que o beneficiario sexa tamén perceptor dunha subvención da liña 1 para gastos de



funcionamento ou de calquera outra axuda do Concello que teña como finalidade o financiamento de gastos de funcionamento.

- A imputación da actividade subvencionada terá que levarse a cabo, na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales costes correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade. En particular, a imputación de costes de persoal de estrutura da entidade beneficiaria dedicada a labores de organización, coordinación, control, dirección ou similares, será considerada a efectos desta subvención como gastos indirectos (xerencia, secretarías, contables, administración, etc.).
- Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que se trate de gastos directamente relacionados coa actividade ou proxecto subvencionado e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

7.4. Gastos subvencionables: Subcontratación:

Poderanse subcontratar ata o 50% das actividades ou proxectos subvencionados con suxeición a os seguintes límites:

- Non se admitirá a subcontratación nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da Lei xeral de Subvencións.
- No caso de subcontratacións con entidades que non estean vinculadas, para supostos distintos ao apartado anterior e se supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto e sempre que non se incremente a subcontratación ou o coste da actividade ou proxecto subvencionado, excepto que este incremento supoña un valor engadido á actividade ou proxecto, o cal deberá ser acreditado. Ademais, no caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros, é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.

7.5. Gastos subvencionables: Contratación con persoas ou entidades vinculadas:

De acordo co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 32 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos (BOP nº 157 do 16.08.2024), en ningún caso poderá concertarse pola beneficiaria a execución total o parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que o importe subvencionable non exceda do coste incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do coste realizarase na xustificación nos mesmos termos que os establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.
- Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente do seguinte modo:
 - ✓ Solicitud por parte da entidade interesada con carácter previo á execución da actividade ou proxecto subvencionado.
 - ✓ Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade ou proxecto subvencionado, estipulando terceiros/as con quen se contratará e os servizos que prestarán.

A estes efectos considérase que existe vinculación con aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que concorran algunha das circunstancias descritas no apartado 2 do artigo 68 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



7.5. Gastos subvencionables con solicitude previa de ofertas:

7.5.1. De acordo co establecido no artigo 31.3 da Lei xeral de Subvencións, e no artigo 33.2 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos (BOP nº 157 do 16.08.2024), cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lexislación de contratos do sector público para o contrato menor (15.000 euros, para contratos de subministracións e servizos, 40.000 euros, para contratos de obras), a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación da obra, servizo ou subministración, salvo que polos seus especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten o subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa.

7.6. Gastos non subvencionables:

7.6.1. Son gastos non subvencionables aqueles relativos aos investimentos en bens inventariables, e todos aqueles incompatibles coa natureza do crédito orzamentario.

7.6.2. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda das persoas físicas.

7.6.3 Non serán subvencionables determinados gastos, tales como intereses financeiros, cotas de préstamos, tributos (excepto o IVA non susceptible de repercusión ou compensación), taxas, prezos, sancións e/ou multas ou sancións administrativas, gastos en procedementos xudiciais. Tampouco serán subvencionables os gastos en regalos, ou os realizados en concepto de comidas (salvo que teñan relación directa coa actividade a subvencionar), cenas ou ágapes, e outros gastos de protocolo e representación.

7.6.4. Non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos recollidos nos apartados anteriores nin se correspondan co período de realización e pago fixado na base 7.1.1. desta convocatoria.

IV. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 8.- Requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria

8.1. Poderán acceder á condición de persoa beneficiaria as persoas xurídicas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, estean validamente constituídas e podan levar a cabo as actividades ou proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención (en diante, entidades). No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado os



Concello da Coruña

requisitos da persoa beneficiaria deberán ser cumpridos por todos e cada un dos socios/as, independentemente da súa porcentaxe na sociedade.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente na solicitude de subvención os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como persoa beneficiaria, corresponden á agrupación.

Tanto os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, como o importe da subvención a aplicar por cada un deles, deberán facerse constar na resolución da concesión da subvención.

Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei xeral de Subvencións.

8.2 Son requisitos exixibles ás entidades beneficiarias, que deberán estar cumpridos con anterioridade á data da proposta de concesión da subvención e que deben manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei xeral de Subvencións, os seguintes:

- a) Que teñan sede social ou delegación no termo municipal da Coruña. Terase en conta para determinar a sede social da entidade o domicilio que figure nos seus estatutos. De modificarse o domicilio social, deberá acreditarse a súa modificación no rexistro correspondente.

No caso de existir delegación da entidade, esta deberá acreditarse mediante contrato ou documento de valor xurídico similar a nome da entidade no que conste que a súa utilización será para actividades da propia entidade.

- b) Que carezan de fins de lucro e que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.
- c) Que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello da Coruña (REMAC), no caso que a forma xurídica da entidade sexa susceptible de ser inscrita.
- d) Que xustificaran as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Coruña, excepto que aínda non transcorrera o prazo de xustificación correspondente.

No caso de que, no momento de concesión das subvencións, haxa entidades beneficiarias con subvencións pendentes de xustificación, poderá continuar o procedemento condicionándose o pago a que estas xustificacións se produzan.

- e) Que se encontren ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), e fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña.

De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a solicitante poderá expresamente opoñerse á consulta u obtención da documentación sinalada debendo, neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas correspondentes.



- f) Que no exercicio da súa actividade non fora sancionada nin condenada por resolución administrativa ou por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación nos termos establecidos na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma sobre igualdade; e que non teña como voluntarias a persoas que teñan antecedentes penitenciarios non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxos destinatarios foran ou poidan ser vítimas destes delitos, de conformidade co disposto no artigo 8.5 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, do voluntariado.
- g) Se a actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención ten como suxeitos a menores de idade, deberá presentarse unha declaración xurada de que todo o persoal (incluído o persoal voluntario e contratado para tal efecto) encargado de realizar a actividade e que teña contacto habitual con menores compre co requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de voluntariado.
- h) Que non se encontren en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de persoa/entidade beneficiaria establecidos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.
- i) Que non foran sancionadas en firme en vía administrativa, laboral ou penal por vulneración do dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo.
- j) Que acrediten que os seus fins u obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento, traxectoria, actuación, organización ou estatutos non son contrarios ao principio de igualdade entre mulleres e homes na diversidade.
- k) Que acrediten que cumpren as obrigas establecidas na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- l) Os demais recollidos na Lei xeral de subvencións, na Ordenanza Municipal da Coruña para a igualdade na diversidade, e na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos.

Estes requisitos deberán manterse ao longo do ano da convocatoria. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei xeral de Subvencións.

A entidade deberá asinar a correspondente declaración relativa ao cumprimento destes requisitos.

V. PROCEDEMENTO: INICIACIÓN

Base 9.- Procedemento de concesión: Réxime e inicio

9.1. O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrncia competitiva.



Concello da Coruña

Base 10.- Procedemento de concesión: Órgano instructor e órgano competente para a resolución do procedemento

10.1. De acordo co establecido no artigo 25 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, o órgano encargado da instrución do procedemento de concesión será o que se indique na respectiva convocatoria, que actuará en calidade de órgano instructor conforme se recolle no artigo 24 da Lei xeral de Subvencións. A instrución do procedemento corresponde á xefatura do Servizo de Igualdade e Diversidade.

10.2. O órgano competente para a resolución será a persoa titular da Concellería delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local.

Base 11.- Procedemento de concesión: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes

11.1. Presentación de solicitudes de subvención

11.1.1 A solicitude de subvención presentarase na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter> a través do procedemento *Subvencións para a realización de actividades de carácter social*, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación de dita convocatoria. Se o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo termina o último día do mes.

11.2. Documentación das solicitudes de subvención

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

1.- Modelo de solicitude e anexos que figuran nestas bases, asinados polo representante legal da entidade ou agrupación solicitante, cumprimentando as especificacións, declaracións e autorizacións que figuran no propio modelo e anexos.

Na indicación da conta bancaria na cal facer o ingreso, no caso de modificación da conta bancaria utilizada en convocatorias anteriores, será necesario cubrir o documento denominado alta ou modificación de alta de terceiros selado pola entidade bancaria.

2.- Estatutos vixentes da entidade solicitante.

3.- Resolución de inscrición no REMAC. No suposto de non estar inscrita no REMAC, a entidade deberá solicitar a súa inscrición no Servizo correspondente, debendo estar inscrita antes da data da proposta de concesión da subvención.

Unha vez obtida a correspondente inscrición no REMAC, deberá comunicalo ao servizo encargado da tramitación desta convocatoria.

4.-Calquera outra documentación que a entidade ou agrupación solicitante entenda que es pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para maior detalle da descrición da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, mediante a presentación dunha memoria complementaria a efectos de ampliar a información requirida e cunha extensión que non poderá exceder de 6 folios.

11.3. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención



11.3.1. No caso de que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia no que foron presentados o, no seu caso, emitidos, e cando non transcorreran mais de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir ao solicitante ou o seu representante, a presentación do dito documento ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o mesmo, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

11.3.2. Os documentos normalizados sinalados como "anexos" nesta convocatoria son de cobertura obrigatoria e non poderán ser modificados por os solicitantes.

VI. PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN

Base 12.- Procedemento de concesión: Instrución

12.1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se indica na Base 10.1.

12.2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

12.3. De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver o que sexan exixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na Base 13.1 seguinte.

12.4. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, incluído o defecto, error ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese daríase por desistido da súa solicitude, previa resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12.5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que aporte a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere convinte para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

12.6. Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión de valoración que se indica na Base 13.3 seguinte, deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A continuación, o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.



Base 13.- Procedemento de concesión: Criterios de valoración das subvencións e Mesa de avaliación de subvencións

13.1. Criterios de valoración das solicitudes:

13.1.1. Criterios comúns a ambas liñas de subvención: Puntuación: Ata 45 puntos.

A) Actividades organizadas e realizadas pola beneficiaria no curso dos tres últimos anos nos ámbitos das liñas obxecto desta convocatoria sinalados na Base 2: ata 10 puntos.

- Campañas de difusión e sensibilización e/ou de información xeral: 0,50 puntos cada unha ata un máximo de 3
- Actividades de información, orientación e/ou asesoramento personalizadas ou dirixidas a grupos específicos: 0,75 puntos cada unha ata un máximo de 3
- Actividades culturais, educativas, artísticas ou de ocio: 0,75 puntos cada unha ata un máximo de 2
- Actividades de formación: 0,25 puntos cada unha ata un máximo de 2

B) Apoio a entidades de nova ou recente creación: ata 5 puntos para aquelas con antigüidade non superior a 4 anos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

C) Porcentaxe de achega da entidade para o desenvolvemento da actividade ou proxecto por encima do mínimo establecido na Base 5: ata 15 puntos.

Adxudicaranse 0 puntos ás entidades que ofrezan o coeficiente de achega mínimo do 10% que se sinala na Base 5 desta convocatoria e un máximo de 15 puntos a aquelas que oferten o maior nivel de cofinanciación, avaliándose as restantes de forma proporcional.

Puntuación= $15 \times (\text{Coeficiente de achega que se valora} / \text{Coeficiente de achega mais alto})$ (o resultado truncharase ao número enteiro).

D) Presencia maioritaria ou equilibrada de mulleres na composición das xuntas directivas das entidades u órgano similar: ata 15 puntos

- Adxudicaranse 15 puntos a aquelas entidades que contén cunha porcentaxe de mulleres igual ou superior ao 70% do total
- Adxudicaranse 10 puntos a aquelas entidades que contén cunha porcentaxe de mulleres entre o 60% e o 69% do total
- Adxudicaranse 5 puntos a aquelas entidades que contén cunha porcentaxe de mulleres entre o 50% e o 59% do total
- Adxudicaranse 0 puntos a aquelas entidades que contén cunha porcentaxe de mulleres inferior ao 50% do total.

13.1.2. Criterios específicos da liña 1: Puntuación: Ata 15 puntos.

E) Polo número de persoas asociadas: 0,05 puntos por persoa socia ata un máximo de 10 puntos. As fundacións obterán 3 puntos neste apartado.



Concello da Coruña

- F) Por contar cunha páxina web propia e actualizada na que se difunda a actividade da entidade e noticias de interese, así como a información da súa organización e enderezo e obxectivos: 2,5 puntos.
- G) Perfís en redes sociais de ampla difusión: 2,5 puntos

A web e os perfís en redes sociais que sexan valorados deberán manterse actualizados ata o peche da xustificación da subvención e deberá constar a colaboración do Concello da Coruña.

13.1.3. Criterios específicos da liña 2: Puntuación: Ata 55 puntos.

- A) Presentación de proxectos ou actividades en rede ou con varias entidades que teñan entre os seus obxectivos e finalidades a promoción efectiva da igualdade e/ou a inclusión social das diversidades, e/ou a cooperación ao desenvolvemento, de acordo cos seus estatutos: ata 6 puntos.
Esta colaboración e as finalidades das entidades cooperantes deberán acreditarse documentalmente.
- B) Calidade Técnica do proxecto ou actividade presentada, de acordo coa seguinte distribución: ata 40 puntos
 1. Denominación clara do proxecto ou actividade e descrición dos seus obxectivos xerais e específicos, e das accións a desenvolver: ata 5 puntos.
 2. Xustificación da necesidade das actividades programadas desde a perspectiva dos obxectivos que perseguen as liñas de subvención: ata 10 puntos
 3. Perfil das persoas beneficiarias da actividade ou proxecto: ata 5 puntos
 4. Consideración da interseccionalidade na diversidade: ata 5 puntos
 5. Existencia e adecuación de indicadores de actividade e avaliación en todas as actividades: ata 5 puntos
 6. Carácter innovador das accións ou actividades e que favorezan a maior participación das persoas: ata 5 puntos
 7. Nivel de detalle e concreción do orzamento presentado. Adecuación ao cumprimento dos obxectivos e actividades do proxecto: ata 5 puntos.

No deseño e implementación de actividades culturais, artísticas e/ou de ocio, para que podan ser subvencionables deberán ter en conta a perspectiva de impacto de xénero e estar complementadas con actividades de formación, sensibilización e información en materia de igualdade de oportunidades, en materia de igualdade na diversidade, ou da prevención das violencias machistas. Estas cuestións deberán estar expresamente explicadas e formuladas na memoria da actividade ou proxecto para que poidan ser obxecto de subvención.

Só serán subvencionables actividades ou proxectos que obteñan ao menos 20 puntos neste apartado específico.

- C) Uso da lingua galega na presentación, realización e difusión da actividade ou proxecto: 9 puntos.
Na xustificación da subvención deberá acreditarse este extremo documentalmente.

13.2. Determinación da contía da subvención



Concello da Coruña

Ata esgotar o crédito dispoñible, a contía da subvención resultante para cada actividade ou proxecto presentado a cada unha das liñas de subvención virá determinada pola seguinte fórmula:

- Contía da subvención = Puntos obtidos na actividade ou proxecto x valor punto.
- Cálculo do valor de cada punto:

$$\text{Valor punto} = \frac{\text{Orzamento total da liña de subvención}}{\text{Total de puntos obtidos por todas as actividades ou proxectos}}$$

En ningún caso a contía da subvención poderá superar o máximo subvencionable, conforme o establecido na base 7.

Se a asignación a unha actividade ou proxecto resultase superior á cantidade solicitada, a diferenza entre estas redistribuirase entre as actividades ou proxectos cuxa cantidade asignada sexa inferior á solicitada.

A redistribución das diferenzas producidas por este motivo realizarase seguindo o mesmo procedemento, participando unicamente os proxectos cuxa cantidade asignada sexa inferior á solicitada e ao tope establecido nas presentes bases.

Todas as operacións expresaranse en números con dous decimais, exceptuándose a asignación final, que se redondeará a enteiros.

13.3. Mesa de Avaliación:

13.3.1. As solicitudes de subvención presentadas serán avaliadas por unha Mesa de Avaliación nomeada pola concelleira responsable do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade e estará formada por persoal funcionario municipal con capacitación, competencia e preparación adecuadas, con presenza equilibrada de ambos sexos, cunha representación feminina de ao menos un 50%, e coa seguinte composición:

- *Presidente/a*: Un/a funcionario/a de carreira municipal pertencente ao subgrupo A1 e adscrito/a ao Área Benestar Social, Participación e Igualdade.
- *Vocais*: Dos técnicos/as municipais pertencentes ao subgrupo A2 e adscritos/as ao Área de Benestar Social, Participación e Igualdade.
- *Secretario/a*: Un/a funcionario/a de carreira municipal pertencente ao subgrupo A2, C1 o C2 e adscrito/a ao Área de Benestar Social, Participación e Igualdade.

13.3.2. No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de Avaliación, será substituída pola persoa funcionaria designada por quen exerza a Xefatura do Servizo de Igualdade e Diversidade.

13.3.3. A Comisión de Valoración, a través do órgano instructor, poderá requirir ás entidades o agrupacións solicitantes das subvencións información o documentación adicional aclaratoria que, no estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

Base 14.- Procedemento de concesión: Resolución provisional, trámite de alegacións e reformulación e resolución definitiva das subvencións

14.A) Proposta de resolución provisional:

14.1. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Mesa de Avaliación, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que notificarase ás persoas interesadas mediante



Concello da Coruña

anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña:
(<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)
- Páxina web municipal de servizos sociais:
<https://www.coruna.gal/serviciosociais/es?argldioma=es>

A publicación deste anuncio público no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña terá o carácter de notificación colectiva, aos efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o en artigo 24.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tras esta notificación concederáse ás persoas solicitantes un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

14.2. Cando a subvención teña por obxecto a financiación de actividades ou proxectos a desenvolver pola entidade solicitante (líña 2) e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior á que figura na solicitude presentada, de conformidade co disposto no artigo 27 da LGS, poderase instar á persoa beneficiaria á reformulación da súa solicitude, para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable, nun prazo non superior a cinco días hábiles desde a finalización do prazo de presentación de alegacións.

La reformulación nas subvencións de liña 1 será automática. O orzamento reformulado será igual á suma da subvención obtida e a achega propia de entidade reflexada no orzamento inicial. A cantidade a xustificar é a resultante da suma indicada.

Neste suposto, a entidade beneficiaria que presente reformulación deberá manter o importe da cofinanciación ou, no seu caso, a porcentaxe de cofinanciación que constase no orzamento inicial.

Non obstante, no suposto de que se reaxuste o orzamento á baixa, deberá xustificarse adecuadamente o mantemento do resto de criterios que resultaron esenciais para o outorgamento da subvención concedida (número total de horas, etc.), podendo reaxustarse á baixa a puntuación e a subvención outorgada no caso contrario.

14.B) Proposta de resolución provisional:

14.3 Examinadas as alegacións aducidas ou, no seu caso, as reformulacións presentadas polas persoas interesadas, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

14.4. A proposta de resolución definitiva notificarase ás persoas interesadas que foran propostas como beneficiarias, de acordo co previsto no artigo 26 da Lei xeral de Subvencións e os artigos 40, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días hábiles comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instrutor. Transcorrido este prazo sen que se producira a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.



Concello da Coruña

Esta notificación realizarase mediante anuncio público na data seguinte á da aprobación da proposta de resolución definitiva, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña:
(<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)
- Páxina web municipal de servizos sociais:
<https://www.coruna.gal/serviciossociais/es?argldioma=es>

A publicación deste anuncio público no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña terá o carácter de notificación colectiva, aos efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 24.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

14.5 Trala publicación e notificación colectiva da proposta de resolución definitiva ás entidades interesadas que foran propostas como beneficiarias na fase de instrución, estas deberán aceptar ou renunciar á subvención no prazo de a continuación se indica, o cal comezará a computarse a partir do día seguinte á data da publicación no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña, conforme se indica no apartado 14.4 anterior. Entenderase que aceptan a subvención, obxecto da presente convocatoria, se transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles, non renunciase de maneira expresa.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor das persoas beneficiarias propostas, fronte á Administración municipal, mentres non se lles notifique a resolución de concesión.

VII. PROCEDEMENTO: RESOLUCIÓN

Base 15.- Resolución

15.1 Resolución

Á vista das subvencións que constan na proposta de resolución definitiva e que foron aceptadas polas persoas propostas como beneficiarias, o órgano competente resolverá o procedemento.

A competencia para conceder e denegar as subvencións, acordar a desistencia da solicitude ou a renuncia do dereito á subvención, incluído, acordar o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas e o interese legal do diñeiro que corresponda, en relación coas subvencións obxecto da presente convocatoria, corresponde á persoa responsable da Concellería de Benestar Social, Participación e Igualdade por delegación da Xunta de Goberno Local, outorgada mediante o acordo adoptado o 4 de xullo do 2024 e publicado no BOP da Coruña nº 129, o 05 de xullo de 2024.

O acordo de resolución da convocatoria incluírá, ademais da solicitante o relación de solicitantes ás que se lles concede a subvención, no seu caso, de maneira expresa, unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras e a convocatoria específica para adquirir a condición de beneficiarias, non sexan estimadas por pasarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha de elas en función dos criterios de valoración.



Concello da Coruña

Se se renunciara á subvención por algunha das beneficiarias, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade de nova convocatoria, a concesión de subvención á solicitante ou solicitantes seguintes a aquela en orde de puntuación, sempre que coas renuncias existentes se liberara crédito suficiente.

15.2 Notificación da resolución

A resolución do procedemento notificarase ás entidades ou persoas interesadas mediante anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña
(<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)
- Páxina web municipal de servizos sociais:
(<https://www.coruna.gal/serviciossociais/es?argldioma=es>)

A publicación deste anuncio público no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña terá o carácter de notificación colectiva, aos efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o en artigo 26 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O prazo máximo de resolución e notificación/publicación da concesión das subvencións é de seis meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O período utilizado para a corrección de deficiencias, achega de documentos e reformulación de solicitudes interromperá o dito prazo, ao amparo do artigo 22.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O vencemento do dito prazo máximo sen notificar/publicar a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

A concesión de subvención non xera dereito algún a súa percepción en futuras convocatorias.

Base 16.- Recursos procedentes contra a resolución do procedemento

16.1. A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa

16.2. Contra dita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, en cuxo caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, (art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentencia do Pleno do TC STC 52/2014, de 10 de abril).

VIII. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 17.- Obrigas das persoas beneficiarias

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e no artigo 14 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos (BOP nº 157 do 16.08.2024) as entidades beneficiarias da subvención obxecto desta convocatoria, estarán obrigadas a:



- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 desta lei.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 desta lei.

IX. XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Base 18.- Xustificación das subvencións concedidas

18.1. Forma e prazo da xustificación:

18.1.1 As beneficiarias da subvención virán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

18.1.2. A documentación acreditativa da xustificación da subvención deberá presentarse na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> ou no Rexistro Xeral do Concello con destino ao órgano instrutor, no prazo de tres meses contados a partir da finalización do prazo para a realización da actividade ou proxecto obxecto de subvención concedida, e no caso de actividades ou proxectos finalizados con anterioridade á recepción da notificación/publicación da resolución definitiva de concesión, o prazo de un mes contarase a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación/publicación.



Por elo, o prazo máximo para a admisión de xustificación finaliza o 31 de marzo de 2026.

18.1.2. A documentación acreditativa da xustificación da subvención deberá presentarse na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter> ou ben a través dos restantes rexistros electrónicos aos que fai referencia o artigo 16.4.a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con destino á Concellería de Benestar Social, Participación e Igualdade, nos seguintes prazos:

- No caso de pago da subvención anticipado, será de tres meses a contar desde a finalización do prazo para a realización do proxecto ou actividade subvencionada.
- No suposto de pago da subvención previa xustificación da mesma, o prazo de xustificación será de dous meses, contados desde a finalización do prazo previsto para a realización da actividade ou proxecto subvencionado.

Polo tanto, o prazo máximo para a admisión da xustificación finaliza o día 31 de marzo de 2026 nos casos de pago anticipado da subvención e o día 28 de febreiro de 2026 nos supostos nos que o pago da subvención fose posterior á xustificación.

18.1.3. O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade ou proxecto, subvencionado, e en ningún caso poderá ser superior ao déficit da mesma. A persoa beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade ou proxecto de que se trate, nos termos da memoria presentada o, no seu caso, da reformulación realizada.

Haberá de xustificarse a totalidade do gasto orzamentado aprobado na resolución declarativa da subvención, que será o indicado no seu día no orzamento presentado coa solicitude, ou no seu caso, no orzamento reformulado.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao presentado na solicitude de subvención, só se aceptarán desviacións de financiación cando estas sexan inferiores ao 10% do importe consignado no orzamento inicial ou no orzamento reformulado. No caso de superarse este importe, dará lugar en todo caso a unha redución proporcional da cantidade concedida, ata o límite do 50% recollido na Base 20.3 seguinte.

En aqueles casos nos que se execute un importe superior ou inferior ao orzamentado, sen prexuízo do disposto no apartado anterior, deberase manter a porcentaxe de cofinanciación nas mesmas condicións que deron lugar á concesión da subvención.

18.1.4. De non producirse unha adecuada xustificación ou no gardar relación o importe xustificado co inicialmente previsto na resolución, poderá dar lugar á perda do dereito ao cobro total cando a Comisión de valoración non considere alcanzados os obxectivos propostos na actividade ou proxecto ou parcial da subvención no resto dos casos.

18.1.5. O Concello da Coruña resérvase o dereito a comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a persoa beneficiaria quedará obrigada a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

18.1.6. O grado de execución e xustificación das actividades ou proxectos poderá ser considerado entre os criterios de valoración en futuras convocatorias.



18.2. Documentación da xustificación:

Antes de que finalice o prazo sinalado na base 18.1.2, as entidades beneficiarias deberán presentar a documentación da xustificación.

A documentación que deberá achegar a entidade beneficiaria aos efectos de xustificación da subvención é a seguinte:

- 1) Anexo J.0: Modelo de solicitude de xustificación da subvención concedida.
- 2) Anexo J.1: Memoria explicativa da actividade/proxecto realizado.
- 3) Anexo J.2: Balance de ingresos e gastos da actividade/proxecto subvencionado. Este balance incluírá o importe das desviacións orzamentarias e das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado, sen prexuízo da obriga da entidade de comunicar a existencia doutras subvencións e axudas mediante a presentación do Anexo S3, nos termos establecidos na base 6.
- 4) Anexo J.3: Relación detallada de xustificantes de gastos da actividade ou proxecto. A orde dos documentos xustificativos que se presenten debe coincidir coa numeración do Anexo J.3. Serán rexeitadas as xustificacións que non cumpran esta obriga.
- 6) Anexo J.3.A: Certificación individualizada da indemnización por razón de servizo, no caso de que se realizasen e pagasen, cubrindo o formulario establecido ao efecto (anexo J.3.A)
- 7) Material impreso ou fotográfico dos elementos de difusión (carteis, folletos, enquisas, material didáctico, fotografías e outros documentos da actividade subvencionada) onde apareza o logotipo do Concello da Coruña nos termos e cos requisitos previstos na Base 17, h) e capturas de pantalla das páxinas web e perfís de redes sociais coa mesma finalidade.

18.3. Relación clasificada e detallada de gastos: Criterios e documentación adicional de xustificación

En relación co proceso de xustificación dos gastos mediante a relación indicada nos apartados 5) e 6) anteriores, deberase ter en conta a aplicación dos seguintes criterios e a presentación da documentación adicional que se indica:

- a) Xustificarase preferentemente con facturas, aínda que poderanse admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. O total das facturas presentadas deberá coincidir co sumatorio total recollido na relación detallada de xustificantes de gasto. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- b) No caso de que a subvención outorgada se destine a pagar a persoas físicas pola prestación de servizos profesionais, ao pago de premios ou ao pago de axudas de coste, a entidade beneficiaria estará obrigada á retención do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), nos límites e excepcións que establece a indicada Lei 35/2006 e regulamento do imposto ou, no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse cos modelos 111 e 190 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e os correspondentes xustificantes de pago ou ingreso na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) mediante os modelos 111 e 190.
- c) As facturas haberán de presentarse polo conxunto da actividade ou proxecto subvencionado, aínda cando o importe da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial.



- d) No caso de imputarse gastos de persoal, xuntaranse as nóminas e será obrigatoria a presentación dos documentos RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións) e RNT (Relación Nominal de traballadores). O RLC deberá ir acompañado do xustificante bancario de pago, aínda en caso de que non se imputen costes de Seguridade Social. Así mesmo xuntaranse os modelos 111 e 190 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e os correspondentes xustificantes de pago.
- e) No caso de imputarse gastos por arrendamento de inmobles, deberán presentar o modelo 115 e 180 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e os correspondentes xustificantes de pago.
- f) No caso de gastos de cartelería, dípticos e trípticos deberá presentar un exemplar do modelo utilizado xunto coa conta xustificativa co fin de comprobar que se inclúen os logotipos do Concello da Coruña.
- g) Nos casos nos que proceda a aplicación do establecido na Base 7.5 anterior, presentárase copia dos tres orzamentos incluídos nas ofertas recibidas que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei xeral de Subvencións debe solicitar a beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000,00 euros no suposto de coste por execución de obra, ou de 15.000,00 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servicios.

18.4. Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos

18.4.1. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. No caso de gastos imputables a dous anos naturais e consecutivos, só se admitirá a imputación da parte proporcional ao período obxecto da convocatoria.

18.4.2 Os pagos en efectivo terán carácter excepcional. Admitirase o pago en efectivo por importe máximo de 300 euros. No suposto de que a factura estea fraccionada en varios pagos, o límite de 300 euros entenderase aplicable ao conxunto de ditos pagos fraccionados.

18.4.3. En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores a dita cantidade o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, debendo acompañar á factura ou xustificante de pago bancario (extracto bancario, movemento bancario, orde de transferencia e/ou xustificante de ingreso efectivo na conta bancaria da persoa beneficiaria). Se o pago se realiza mediante talón ou cheque nominativo deberá presentarse ademais fotocopia do mesmo, que incluíra unha dilixencia coa recibín da persoa interesada e igualmente extracto ou movemento bancario, que acredite que o destinatario fixo efectivo o mesmo.

18.4.4. Estímase aconsellable que todos os pagos relacionados coa finalidade da subvención se realicen "preferentemente" desde unha única conta bancaria da entidade, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a entidade.

18.4.5. Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobro da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega aos mesmos dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

18.5. Información estatística adicional

No caso de que o Concello da Coruña o solicite, as persoas beneficiarias das subvencións deberán achegar a información estatística que se lles requira sobre os resultados das actividades ou proxectos



subvencionados. Estes datos poderán versar sobre os indicadores de avaliación que estableza o Concello da Coruña, a tal efecto.

18.6. Requirimento por falta de presentación da xustificación

De acordo co establecido no artigo 70.3 do Regulamento Xeral de Subvencións e no artigo 38.1 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá á persoa beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a existencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de Subvencións.

X. PAGO DAS SUBVENCIÓNS

Base 19.- Pago das subvencións

19.1. De acordo co establecido no artigo 34 da Lei xeral de Subvencións e no artigo 41 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, o pago da subvención concedida realizarase previa xustificación pola persoa beneficiaria da realización da/s actividade/s o proxecto/s para os que se concedeu a subvención nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

19.2. O pago realizarase mediante ingreso na conta bancaria que conste dada de alta na Tesourería municipal.

Base 20.- Pago anticipado das subvencións

20.1. De acordo co establecido no artigo 41 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos autónomos, dadas as características dos destinatarios das subvencións, a contía das subvencións, así como a natureza das iniciativas obxecto de subvención, poderá acordarse o pago anticipado de ata o 100% da subvención outorgada, que suporá entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

20.2. O pago anticipado tramitarase previa solicitude da entidade beneficiaria. Neste caso deberá constituírse unha garantía de ata un importe do 10% do importe total da subvención, que poderá realizarse mediante a retención do pago polo Concello da Coruña da dita porcentaxe. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

20.3. En todo caso, para poder efectuar pagos anticipados, as persoas beneficiarias deberán acreditar que se atopan ao corrente nas seus obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña.

20.4. O recoñecemento da obriga correspondente ao pago das subvencións, anticipado ou non, quedará condicionado á xustificación conforme das subvencións nominativas ou en concorrencia competitiva outorgadas polo Concello da Coruña en exercicios anteriores. Unha vez cerrada conforme a xustificación, poderá continuarse coa tramitación do pago.



XI. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

Base 21.- Reintegro das subvencións concedidas

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei xeral de Subvencións e no artigo 42 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos. Nos casos nos que proceda, aplicárase o reintegro parcial, en función da porcentaxe de incumprimento, conforme se establece no artigo 42.2 da citada ordenanza.

Base 22.- Causas do reintegro das subvencións concedidas

22.1. De conformidade co artigo 42.2 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exigencia do xuro legal do diñeiro que resulte de aplicación desde o momento do abono da subvención ata a data desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro, nos seguintes supostos:

a) Nos supostos contemplados no artigo 37 da LGS e no artigo 33 da LSG.

b) Cando a forma de xustificar a subvención sexa a través de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto ou simplificada e se de algún destes supostos:

1º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil sexan ilexibles ou non garden relación coa actividade ou proxecto subvencionado.

2º. Os documentos xustificativos dos gastos realizados consistan en autofacturas, non acrediten o emisor, non se emitiran a nome do beneficiario ou non indiquen o concepto do gasto realizado.

3º. Non se acredite o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

c) Cando o importe da subvención se calcule como unha porcentaxe do coste final da actividade ou proxecto e da súa execución resultase unha porcentaxe de financiamento por parte do Concello superior ao inicialmente previsto, procederase ao reintegro do exceso.

d) Cando o importe da subvención se calcule como unha porcentaxe en función dos resultados obtidos respecto ao obxectivo da actividade ou proxecto e da súa execución e avaliación resultase un resultado inferior ao que se determinou por parte do Concello na correspondente convocatoria, convenio ou acordo de concesión, procederase ao reintegro do exceso en función dos resultados obtidos respecto dos previstos.

e) Cando o importe dos costes indirectos supere a porcentaxe máxima establecida na respectiva convocatoria pública, acordo de concesión o convenio.

f) Cando se producira unha execución e xustificación do gasto inferior á mínima prevista, no seu caso na convocatoria, aos efectos de considerar realizada a actividade ou proxecto.

g) Por unha xustificación insuficiente, ven pola irracionalidade apreciada motivadamente pola Intervención Xeral do Concello nun procedemento de control financeiro ben apreciada polo órgano xestor ao valorar a corrección da xustificación presentada.



Concello da Coruña

h) Por realizar subcontratacións e/ou operacións con entidades ou persoas previstas no artigo 29.7 da LGS, cando así se valore motivadamente, atendendo ao principio de importancia relativa, pola Intervención Xeral no control financeiro ou polo servizo xestor no momento da valoración da xustificación presentada.

i) Aqueles casos que adicionalmente se establezan na respectiva convocatoria, acordo de concesión, convenio ou normativa sectorial de aplicación.

22.2. Así mesmo, procederase ao reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas supere o coste total da actividade ou proxecto de que se trate.

22.3. En calquera caso, procederá o reintegro total da subvención concedida nos supostos en que se xustifique por un importe inferior ao 50% do orzamento inicial. No suposto de xustificar por un importe inferior ao 90% do orzamento inicial e sempre que se xustifique ao menos o 50% do mesmo, abonarase a parte proporcional da subvención concedida.

22.4. O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei xeral de Subvencións e artigos 91 e seguintes do regulamento de aplicación da Lei.

XII. BASES ADICIONAIS

Base 23.- Información ás entidades ou agrupacións interesadas

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, as entidades o agrupacións interesadas poderán obter documentación normalizada ou información adicional na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>.

A través da páxina web oficial municipal: <http://www.coruna.gal/portal/es/servicios/tramites-y-gestion/subvencions-y-axudas>

Presencialmente no Servizo de Igualdade e Diversidade, sito na R/ Hortensias, 11, 15008, A Coruña.

De forma telefónica no teléfono 981 184 356.

Base 24.- Protección de datos de carácter persoal

Ambas partes, Concello da Coruña e entidades beneficiarias das subvencións, comprométense a cumprir co disposto na lexislación vixente de protección de datos, e en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello (RGPD), de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e cantas outras normas sexan de aplicación, así como as obrigas e as responsabilidades que se deriven das mesmas. A entidade, en canto ao tratamento de datos de carácter persoal relativos á presente subvención, é encargada do tratamento, sendo o Concello da Coruña responsable do tratamento. Como encargada, a entidade queda obrigada ao cumprimento das obrigas dispostas no art. 28 do RGPD e no art. 33 da LOPDGDD, e en concreto:

- A tratar unicamente aquela información de carácter persoal necesaria para a correcta execución e finalidade do proxecto ou actividade/s subvencionado/s.
- Non utilizar os datos persoais para fins propios.



Concello da Coruña

- Realizar o tratamento de datos conforme ás instrucións do Concello da Coruña.
- Levar un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do Concello da Coruña.
- Asistir ao Concello da Coruña no exercicio dos dereitos por parte das persoas usuarias afectadas polo proxecto ou actividade/s subvencionado/s.
- Non comunicar os datos a terceiras persoas ou entidades, salvo que conte coa autorización expresa do Concello da Coruña ou nos supostos legalmente admisibles.
- Manter o deber de segredo respecto aos datos de carácter persoal aos que tivera acceso en virtude do proxecto ou actividade/s subvencionados, incluso despois de que finalice a súa execución, así como garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes.
- Aplicar as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco, de acordo co establecido no artigo 32 do RGPD.
- Notificar ao Concello da Coruña, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo establecido legalmente, as violacións da seguridade dos datos persoais o seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.
- A elección do Concello da Coruña, suprimir o devolver todos os datos persoais unha vez finalice a prestación dos servizos de tratamento, así como calquera soporte o documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento. Non obstante, a entidade poderá conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.
- Poner a disposición do Concello da Coruña, se fora preciso, toda a información acreditativa do cumprimento das obrigas respecto ao encargo do tratamento.

Base 25.- Publicidade das subvencións no Portal da Transparencia

25.1. De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación da súa importe, obxectivo o finalidade e beneficiarios será obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello da Coruña: <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvencions-y-axudas>.

25.2.- De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, transmitirase á base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto para o Diario Oficial da Provincia da Coruña.

Base 26.- Competencia para a aprobación das Bases e recursos contra as mesmas

26.1.- A aprobación das bases da presente convocatoria de subvencións é unha atribución da Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

A Xunta de Goberno, por acordo de data 4 de xullo de 2024 (BOP núm. 129, de 05/07/2024) delegou, de conformidade co previsto no art. 5.2 do Regulamento Orgánico Municipal, na alcaldesa e nas concelleiras e concelleiros delegadas e delegados, coas facultades de dirección e xestión en xeral dos



servicios de cada área respectiva, nos seus ámbitos funcionais e orgánicos, o desenvolvemento de todos os actos de xestión económica (excluídos contratos, concesións e negocios xurídicos patrimoniais) e nomeadamente a convocatoria de axudas e subvencións e a súa resolución de concesión, ata un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €), IVE excluído, así como a autorización e disposición do gasto correspondente, sempre que se realicen con cargo a aplicacións orzamentarias cuxa xestión lles corresponda.

Contra o dito acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer de maneira potestativa recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao de publicarse oficialmente o acordo de aprobación das bases no BOP.

Base 27.- Autorización e facultades da concelleira delegada de Benestar Social, Participación e Igualdade.

27.1.- Autorízase e facúltase á concelleira delegada de Benestar Social, Participación e Igualdade coa aprobación desta convocatoria, como competente en materia de axudas sociais, para:

- a) Interpretar e desenvolver o establecido nas presentes bases reguladoras da convocatoria de subvencións, así como para a corrección dos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes na mesma, de acordo co establecido no artigo 109.2 da 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- b) Ampliar o crédito destinado á dita convocatoria conforme o previsto na base 4.3. desta convocatoria sempre que exista crédito adecuado e suficiente.
- c) Realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin do acordado polas presentes bases de convocatoria desta subvención.

27.2.- No caso de discrepancia entre o contido das presentes bases reguladoras das subvencións, obxecto da presente convocatoria, nas súas versións en idioma castelán e galego, prevalecerá en todo caso, o establecido polo literal da versión en idioma castelán.

A Coruña, na data que consta na sinatura electrónica deste documento.